

Xxxxxx Xxxxxxx Xxxxxxx, con D.N.I xxxxxxxxX, en nome e representación da Asociación Asemblea de Investigadoras de Compostela, como Secretario da mesma, e con enderezo electrónico contacto@assembleadeinvestigadoras.gal

EXPÓN

1. Que como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19 e pola Orde do 13 de marzo do DOG nº 55 quedaron suspendidos ata nova notificación diversos procesos administrativos, entre eles:
 - 1.1. Os procedementos ED481A e IN606A do Programa de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema Galego de I+D+i, en fase de tramitación.
 - 1.2. Os procedementos ED431C, IN607A, ED431B, IN607B, ED431F e IN607D do programa de Axudas para a Consolidación e Estruturación de Unidades de Investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, en fase de presentación de solicitudes.
 - 1.3. Os procedementos ED431H e ED431I das Axudas do Programa de Atracción e Retención de talento investigador na categoría de persoal investigador distinguido nas universidades do Sistema Universitario de Galicia, en fase de presentación de solicitudes.
2. Que, segundo información proporcionada pola Xunta de Galicia o 29 de abril, a convocatoria do Programa de axudas á etapa posdoutoral (Modalidade A e B) do ano 2020 quedaba adiada a causa da crise sanitaria [1].
3. Que o Real Decreto 463/2020 do 14 de marzo, polo que se declaraba o estado de alarma, recollía na súa Disposición adicional terceira a suspensión dos prazos para a tramitación de procedementos das entidades do sector público de acordo coa definición recollida na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non obstante o anterior, o devandito Real Decreto aclaraba que existía unha posibilidade para a continuación de procesos sempre que as partes interesadas mostrasen a súa conformidade: “el órgano competente podría acordar, mediante resolución motivada, las medidas de ordenación e instrucción estrictamente necesarias para evitar perjuicios graves en los derechos e intereses del interesado

en el procedimiento y siempre que éste manifieste su conformidad, o cuando el interesado manifieste su conformidad con que no se suspenda el plazo”.

4. Que a Resolución do DOG nº 51 do 15 de marzo de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se introducían medidas preventivas en lugares de traballo do sector público autonómico como consecuencia da evolución epidemiolóxica do COVID-19, indicaba no acordo primeiro que “Todos os empregados públicos cuxas funcións se realicen dentro de edificios ou instalacións administrativas que permitan o seu desenvolvemento a distancia prestarán o servizo desde o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial. Para tales efectos, a Administración facilitará fórmulas de teletraballo ou de traballo a distancia”.
5. Que, con data de 5 de abril de 2020, a Xunta de Galicia publicaba unha nota de prensa na que se garantía a continuidade da administración on-line grazas ao mantemento do traballo a distancia e das ferramentas para a tramitación electrónica [2].
6. Que a paralización e adiamento das convocatorias anteriormente citadas sume ao sector da investigación e ao seu persoal nunha situación de incertidume, vulnerabilidade e falta de oportunidades laborais e de financiación.
7. Que existe a posibilidade de reabrir os trámites das convocatorias de concorrencia competitiva citadas e promover a súa resolución definitiva nos próximos meses, evitando deste xeito a parálise da investigación en Galicia nun momento no cal se está a demostrar e visibilizar a súa relevancia en todos os ámbitos sociais.
8. Que a non convocatoria neste ano 2020 dos programas de carácter anual de axudas para contratación de persoal investigador deixa abandonadas a centos de investigadoras cuxos proxectos e vidas profesionais non poden agardar.

Por todo isto **SOLICITAMOS**:

1. O desbloqueo dos procedementos paralizados e a continuación da súa tramitación por vía telemática ou alternativas.
2. A publicación das resolucións definitivas destes programas, así como a incorporación do persoal beneficiario na maior brevidade posible.
3. A convocatoria dos Programas de axudas posdoutorais deste ano 2020 e a activación dun protocolo de contratación específico para estes casos ante as dificultades causadas pola pandemia de COVID-19.

REFERENCIAS

[1] <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/30944>

[2] <https://www.xunta.gal/notas-de-prensa/-/nova/48221/cerca-11-000-empleados-publicos-administracion-autonomica-tienen-acceso-teletrabajo>

En Santiago de Compostela, a 1 de maio de 2020.

Asdo.:

Asemblea de Investigadoras de Compostela

<https://assembleainvestigadoras.gal>